



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18

CIRCULAR Nº 44
CURSO ESCOLAR 2023/2024

Estimadas familias:

Como vostedes ben saben, durante o presente curso 2023/2024, o/a seu/súa fillo/a estivo matriculado/a nun centro que participa na iniciativa E-Dixgal do proxecto Abalar para o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, polo que dispón para o seu uso persoal dun ordenador portátil, co seu correspondente maletín e cargador.

Segundo as instrucións recibidas, o alumnado que continua no mesmo centro cursando materia E-Dixgal no vindeiro curso 2024/2025, disporá do equipo durante o período estival, facéndose cargo de todos os elementos e incorporándose ao próximo curso co material en perfectas condicións.

No caso de que non se cumpra esta circunstancia, deberá entregar o equipo no centro atendendo aos seguintes casos:

ALUMNADO CON OBRIGA DE ENTREGA EN XUÑO:

- Alumnado de primaria que non vaia a cursar estudos no mesmo centro durante o curso 2024/2025 .
- Alumnos de 6º que finalizan os seus estudos en primaria.

Deberán entregar os seus pais/nais ou representantes legais o equipo no centro en perfectas condicións (co seu correspondente maletín, e cargador) o **mércres 19 de xuño** no seguinte horario:

Hora de entrega	Curso
16:30 a 17:30	6ºA
17:30 a 18:30	6ºB
18:30 a 19:30	6ºC

No caso de non poder acudir persoalmente poden autorizar a outra persoa maior de idade para a entrega.

Atentamente
A dirección do proxecto E-Dixgal